

ACTA Nº1 DA MESA METROPOLITANA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

Reunidos na Casa Consistorial de Culleredo, sendo as 13:00 horas do día 2 de xuño do ano 2016, previa convocatoria coa orde do día previamente establecido e comunicado aos compoñentes da mesa:

Se reúnen:

- D^a Francisca Bestilleiro Rodríguez, en representación do Concello de Abegondo.
- D^a M^a Carmen Iglesias Iglesias, en representación do Concello de Abegondo.
- D. Roberto Chao Gavilán, en representación do Concello de Bergondo.
- D. Oscar Souto Muíño, en representación do Concello de Cambre.
- D. Juan González Leirós, en representación do Concello de Cambre.
- D. Daniel Díaz Grandío, en representación do Concello de A Coruña.
- D. Juan Antonio López López, en representación do Concello de A Coruña.
- D^a María José Varela Neira, en representación do Concello de Oleiros.
- D^a María Bosch Pibernat, en representación do Concello de Oleiros.
- D. Javier Varela Tejedor, en representación do Concello de Culleredo, e como coordinador da mesma.

Polo Sr. Varela Tejedor se abre a sesión e se reparte un documento de análise DAFO da situación do transporte na área metropolitana, sen pretensión de exhaustividade e como simple borrador para o seu estudo e consideración polos compoñentes da mesa, iniciándose o turno de intervencións pola Sra. Varela Neira, que manifesta o seu acordo co documento, e expón que debería decidirse si se quere constituír un consorcio de transporte para que os Concellos da área se posicionen neste tema e teñan poder de decisión, ou si se pretende seguir como ata agora acatando sen máis as decisións da Xunta de Galicia. Por outra banda, propón que se elabore un documento que reflicte unha postura común dos concellos ante a Xunta de Galicia e solicitando a remisión das propostas dos pregos para a licitación das concesións de transportes para que podan ser coñecidos e informados polos Concellos. Este documento levaríase previamente ao Pleno de cada concello, como declaración institucional.

O Sr. Varela Tejedor expón que se trataría, por unha parte, de solicitar á Xunta á remisión da proposta de pregos da licitación das concesións, e por outra banda, de que os políticos adoitasen a decisión de si se vai a avanzar hacia a constitución dunha autoridade única de transporte na áreaou outra forma de xestión conxunta e integrada.

O Sr. López López manifesta a importancia de participar nos pregos da licitación de forma conxunta, establecendo as liñas, frecuencias, puntos de demanda non atendidos, etc, presentándolle á Xunta de Galicia un documento o máis detallado posible de carácter supramunicipal; maniestando o Sr. Varela Tejedor que se trataría de xenerar unha rede integral metropolitana de transporte.

Pola súa parte, o Sr. Díaz Grandío entende que hai por delante moito traballo político e que fará falla moita coordinación entre os Concellos, para afrontar o fin das concesións sobre todo a partir de 2019. Expón que sería convinte coñecer exemplos doutros concellos con consorcio público de transporte: cómo se financian, posible participación das entidades privadas, etc. Manifesta o seu acordo con remitir á Xunta o documento reseñado anteriormente.

O Sr. González Leirós expón que os Concellos deben reivindicar os seus dereitos fronte á Xunta nesta materia, e que debe traballarse en tres planos: 1) O escrito á Xunta de Galicia precitado, 2) plantexar os planos, rutas, frecuencias, etc conxuntamente, 3) configuración da Área metropolitana de transporte.

O Sr. Chao Gavilán considera esencial a creación do Consorcio do Transporte.

Handwritten signatures of the participants in the meeting, including D^a Carmen, D. Chao Gavilán, and others.

Polo Sr. Varela Tejedor se entende que deben tomarse decisións políticas para posicionarnos como conxunto metropolitano ante a Xunta de Galicia. Posteriormente habería un traballo técnico para conformar o mapa concesional e plantexar á Xunta a forma que se lle vai dar. O Sr. Varela remitirá vía e-mail a todos os compoñentes da mesa as previsións de caducidade das concesións.

A Sra. Varela Neira insiste en que o primeiro paso é a redacción do documento cos plantexamentos básicos dos Concellos, e que debería valorarse políticamente.

A Sra. Bosch Pibernat se ofrece para facer o borrador do escrito, xunto co Sr. Varela Tejedor, que logo se remitirá aos Concellos para a súa conformidade.

O Sr. Souto Muíño, comenta que nas intervencións falouse respecto ao Transporte Metropolitano, pero que esa era unha das patas da mobilidade, das máis importantes sí, pero que tamén habería que abordar o estudo de transportes alternativos (bicicleta e peóns), hai un plan elaborado pola Xunta, que parece estar en fase de borrador denominado " PLAN DIRECTOR DE MOBILIDADE ALTERNATIVA DE GALICIA", e sería interesante coñecer a súa practicidade. Tamén habería que ter en conta o tren de cercanías. Por outra banda xa que hai PEMU's na Coruña, Vigo, Santiago e Ourense, sería interesante ver a súa posta en práctica, en todo caso involucrar a Deputación para que colaborase e tamén estudar outras experiencias como as realizadas noutros entornos metropolitanos, como en Cádiz ou Almería. Así como as polémicas xurdidas coa saída do seu termo municipal por parte dos buses de A Coruña.

O Sr. Varela Tejedor manifesta que é xuridicamente viable que os autobuses de A Coruña penetren nos municipios colindantes e que os autobuses doutros municipios penetren na Coruña.

En canto ao documento a presentar na Xunta de Galicia entende que non debería ser moi ambicioso senón máis ben realista, e que debería levarse aos Plenos dos Concellos antes do verán. Polo que respecta aos corredores ciclistas entende que debería solicitarse a colaboración da Deputación a efectos de conseguir unha plena integración dos mesmos.

Rematado o turno de intervencións, os membros acordan:

- 1) Elaborar un escrito para a Xunta de Galicia no que se solicite o recoñecemento dos Concellos como interesados no procedemento como Área metropolitana e se lles remitan as propostas de pregos para a licitación das concesións de transportes para que poidan ser coñecidos e informados polos Concellos.
- 2) Elaborar un diagnóstico da situación actual do transporte en cada Concello, para a vindeira sesión da Mesa, se fose posible.
- 3) Establecer que as sesións da Mesa Metropolitana de Transporte e Mobilidade se celebrarán, con carácter ordinario, en Culleredo o último venres de cada mes ás 13:00 horas. En caso de ser festivo se trasladará ao seguinte día hábil.
- 4) Convocar a vindeira sesión para o luns 27 de xuño ás 13.00 horas.

Foro da orde do día, o Sr. González Leirós expón que entende que a Vía Ártabra debería ser obxecto de debate na Mesa, xa que parece ser que non vai ter continuidade ata a A6, o que supón unha merma no servizo de mobilidade que esta vía podería ofrecer. Os membros acordan incluír este punto na orde do día da próxima sesión, sesión á que o señor Leirós aportará a documentación xustificativa da súa postura.

Dáse por finalizada a sesión, sendo ás 14:30 horas, e redactándose a presente acta, que asinan os asistentes.

